

A NOSTRA TERRA



Ano XXX — Núm. 463

BOS AIRES, XULLO DE 1948

Conmemorando o Día de Galiza

As "Xornadas Galegas" que este ano organiza o Centro Galego de Bós Aires, con motivo da nosa máis festividade, tiveron a súa culminación no aito que se celebrou o 25 do mes en curso no Teatro Arxentino. Despois da distribución dos premios dos concursos literarios do dito Centro, correspondentes aos anos 1946 e 1947, e do discurso do presidente do mesmo, Sr. Xosé Villamarín, o presidente do Consello de Galiza, Dr. Alfonso R. Castelao pronunciou a maravillosa peza oratorio, palpitante de emoción e de lirismo, que a continuación insertamos:

ALBA DE GRORIA

Miñas donas e meus señores:

Si no abrete d-este día poderíamos voar sobor da nosa terra e percorrela en todas direccións, asistiríamos á maravilla d-unha mañán única. Dende as planuras de Lugo, inzadas de bidueiros, até as rías de Pontevedra, oureladas de piñeiros; dende as serras nutricias do Miño e a gorxa montañosa do Sil, até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas d-entrambos ríos; ou dende os cabos da costa brava da Cruña, onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o curuto do monte de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de groria. O día de festa comeza en Sant-Iago. A torre do reló tanxe o seu grave sino de bronce para anunciar un novo día, e de seguida comeza unha muiñeira de campás, repinicada nas torres do Obradoiro, que se comunica a todol-os campanarios da cidade. Pero hoxe as campás de Compostela anuncian algo máis que unha festa litúrxica no interior da Catedral, con dinidades mitradas e ornamentos maravillosos, de brocados e ouros, con chirimías e botafumeiro, capaz de dar envexa á mesma Basílica de Roma. Hoxe as campás de Compostela anuncian unha festa étnica, filla, tal vez, d-un culto panteísta, anterior ao cristianismo, que ten por altar a terra-nai, alzada simbólicamente no Pico Sagro; por cobertura, o fanal inmenso do universo; e por lámpada votiva, o sol ardente de xullo, o sol que madura o pan e o viño eucarísticos. Por eso a muiñeira de campás, iniciada en Compostela, vai rolando por toda Galiza, de val en val e de coto en coto, dende os campanarios pimpantes da veiramar até as homildes espadañas da montaña. E o badaleo rítmico das campás — de total-as campás de Galiza, en leda algarabía — semella o troupeleo dos cabalos astrales, que veñen pol-a vouta celeste, turrrando do carro de Apolo, que trai luz e calor ao mundo en sombras. Hoxe é o Día de Galiza, e así comeza.

Así dá comeza a solemnidade d-este día: a Festa maior de Galiza, a Festa de todol-os galegos. Pero ninguén pode sentila

Alocución Patriótica de Castelao

coma nós, os emigrados, porque en tal día coma este reviven as lembranzas acumuladas, e coa moita distancia agrándase o proxio da patria. Hoxe a nosa imaxinación anda por alá, en festa de saudades, escoitando as cántigas montañesas e mariñeiras que van para Compostela, vendo o noso país enbandeirado de azul e branco, con músicas, gaitas, pandeiros, aturuxos e foguetes... E dispós de evocar o repique matutino das campás —mal ou ben, ao xeito de Otero Pedrayo—, eu podía evocar, igoalmente, todol-os lances xubilosos d-este día, hora hora, minuto a minuto. Pero ¡cómo se tornan tristes as alegrías evocadas lonxe da patria! ¡Cómo doen as ledicias arrincadas do recordo da nosa mocidade! E cómo para mín é certo o que dixó o mellor poeta da nosa estirpe:

Sen tí perpétuamente estou pasando Nas maors alegrías, maor tristez.

SANTA COMPAÑA INMORREDOIRA

Non; é moito mellor evocar algo irreal, algo puramente imaxinario, algo que co seu simbolismo nos deixe ver o pasado para proveito do futuro, como unha boa esperencia. Podemos imaxinar, por exemplo, unha Santa Compañía de inmortaes galegos, en interminabel proce-

sión. Alí veremos as nobres dinidades e os fortes caracteres que dou Galiza no decorrer da súa Hestoria. Verémolos camiñar en silencio, coa faciana en sombras e o mirar caído na terra dos seus pecados ou dos seus amores, agachando ideais tan vellas que hoxe nin tanquera seríamos capaces de comprender, e sentimentos tan parentes que son os mesmos que agora bulen no noso corazón. Algúns verémolos revestidos con ricos panos e faiscentes armaduras; pero os máis d-eles van descalzos e nús, cos osos prateados pol-o fulgor astral.

Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado, levando a súa propia caveira n-unha arqueta de marfin e afinándose n-un longo caxato, que remata coa fouce dos druidas, a modo de báculo episcopal. Siguen a Prisciliano moitos adeptos, varóns e mulleres. Detrás veñen dous magnates, que cicáis sexan: Teodosio, o grande Emperador de Roma, e San Dámaso, o Sumo Pontífice da cristiandade, seguidos ambos por unha hoste de soldados i eclesiásticos. Ollamos dispós unha ringleira de mortos esclarecidos, que portan os atributos da súa dinidade ou da súa profesión. Alí distinguimos á virxe Eteria, a escritora pelengrina, con túnica de branco liño e camiñando con arfado compás. Ao

historiador Paulo Orosio, discípulo de San Agostiño, que marcha pensatibre, c-un rolo de pergameos na man. Ao bispo e cronista dos tempos suevos, a Idacio, que alumea o camiño c-unha lámpada de bronce. A San Pedro de Mezonzo, o autor da Salve Regina Mater —o cántico e a oración máis fermosa da Eirexa—, c-unha fragante azucena nos beizos. Ao fundador San Rosendo, que sostén litúrxicamente a custodia do noso escudo tradicional. E moitos, e moitos máis, que é dificultoso recoñecer. Logo vemos ao primeiro Arzobispo de Compostela, o gran Xelmírez, revestido de pontifical, con aurifulxente cortexo de mitrados e coengos. Após do perlado ven Alfonso VII, o Emperador, con cetro na destra, espada na sinistra e coroa de ouro e pedrarias nas sens. Siguen ao Emperador, o Conde de Traba, seu aio, e demáis bultos da soberba feudal de Galiza. Ollamos dispós aos monxes letrados, en longa fileira, con velas acesas e libros abertos. Ven detrás o mestre Mateo, o Santo dos croques, co Apocalipsis debaixo do brazo, encabezando unha grea de arquitectos e imaxineiros, que portan as ferramentas das súas artes. De seguida aparece unha moitedume de xogares e trovadores, en mistura de tipos e atavíos. Algúns semellan ter sido monxes; outros calzan esporas de

ouro, en sinal de que foron cabaleiros; pero os máis d-eles van esfarrapados, con vellas cítaras, laúdes e zanfoñas ao lombo. Alí recoñecemos a Bernaldo de Bonaival, a Airas Nunes, a Eanes do Cotón, a Pero da Ponte, a Pero Meogo, a Xohán de Guillaide, a Meendiño, a Xohán Airas, a Martín Codax, a Paio Gómez Charino, a Macías, o Namorado, a Xan Rodríguez do Padrón, e moitos máis, todos con lume no peito. Non tardan en aparecer as dúas belidas e infortunadas irmáns, Inés e Xohana de Castro, a que reinou en Portugal dispós de morta e a que foi rainha de Castela n-unha soia noite morna de vran, como dúas rosas murchas, levando en bandexas de prata as coroas do seu efímero reinado. Veñen de seguida os moitos varóns altaneiros de Galiza, os señores feudales, que non souperon vivir en paz, nin consigo mesmos, todos eles montados en bestas negras, dende Andrade, o Bó, seguido por un porco montés —símbolo totémico da súa casa—, até o valente Pedro Madruga, que leva o puñal da traición espetado nas costas. Como grupo singular destácase o Mariscal Pardo de Cela, xunto cos seus compañeiros de marteiro, inxustamente decapitados, que sosteñen con entrambas mans as propias cabezas, aínda frescas, que deitan sangue e piden xusticia. Tamén ollamos unha boa representación do feudalismo eclesiástico, e n-él distinguimos aos tres Arzobispos Fonseca, pai, fillo e neto, seguidos por unha mula cangada coas obras de Erasmo. E detrás de tanto señorío feudal ven a pé o seu mellor cronista, Vasco da Ponte. De seguida recoñecemos a imponente tropa dos irmandiños, que arrastan cadeas, con bisarmas e fouces mangadas en paus, levando por abandeirado a Rui Xordo, que sostén en outo un facho de palla acesa e fumeante.

Eiquí comeza a decaer a categoría do fúnebre cortexo, como decaeu Galiza ao trocarse en povo vencido e subordinado. Pero sigue dando individualidades, como Sarmiento de Gamboa e os Nodales, que camiñan xuntos, portando astrolabios, atlas e cunchas estranas; o filósofo escéptico, Francisco Sánchez, con muceta de Doutor; os Virreis de Nápoles e das Indias, Conde de Lemos e Conde de Monterrei, que serviron lealmente a quen non merecía ser servido por ningún galego; os tres grandes Embaixadores filipescos, Zúñiga, de Castro e Gondomar, que inútilmente derrocharon talento, sabiduría e artes diplomáticas; os escultores Moure e Ferreiro, xunto cos arquitectos Andrade e Casas e Nóvoa, que ceibaron de cadeas a nosa orixinalidade oprimida; o P.

(Continúa na pág. 2)

Discurso de Rodolfo Prada no Panteón do Centro Galego

Hoxe é a véspera da gran data da nosa patria, —hoxe é o Día de Galiza, e nós achegámonos aos nosos mortos. Alí na Terra, n-ista diada de vespérias, as xentes —nenos, mozos e vellos—, enchen os camiños en peregrinaxe cara á sagra Compostela, e nós vimos, tamén peregrinos, a xunto dos nosos mortos. Na noite estrelada de hoxe, moito povo galego acugula a ampla Plaza Maor de Sant-Iago e presenza, rebuldeiro, os fogos artificiais —aito de lumiadas, de charamuscas e de estrondos, que esperta as concencias, que alceñe a fe nos corazóns, que fortice as esperanzas—, e nós, n-iste adro, acuntámonos pra lle facer compañía aos nosos mortos.

¡Aos nosos mortos! Aos nosos irmáns galegos que, coma nós, deixaron n-un día sombrizo o fogar, a familia, a parroquia e a Terra pra ser persoaxes do drama da emigración, pra sementar o seu traballo n-istes xenerosos cidos arxentinos, ennobrecendo os seus esforzos e consolando as súas tristuras, coa garimosa esperanza no porvir, coa luzada da fe no voltar alá, cos latexantes anxeos de que "os airiños aires", n-unha mañán de romaxe os levase, milagreiros, ao seu fogar galego; a encherse de bicos de nai, a lle dar aos ollos a festa da paisaxe, a lle dar os ouvidos a pracenteira sinfonía dos paxaros, dos regatos e dos piñeiros... Mais a eles —¡malpocadiños!—,

"fixoselles noite no preno mediódia". I é de matinar coma, nos derradeiros intres —antre salaio e salaio d-agonía—, voarian os seus corazóns cara á Terra sagra, cara á súa Galiza adourada; e coma ouvirían a voce doce e garimosa da nai lonxana, e o pracenteiro rebulir da súa aldea, e o solene batelar do campanario da súa igrexa... e coma, o xa incerto lampeo dos seus ollos esmorrentes, percuarían arelantes a imposibilidade de furar as tebras pechas pra lle dar unha derradeira ollada á verdecente paisaxe...

Eiquí nos tendes —irmanciños mortos!—, á rosa veira; eiquí nos tendes facendo unha simbólica garda d-honor ao voso sono eterno; eiquí nos tendes, co corazón compunxido e cos ollos atristurados, a traervos o noso luminoso recordo, e a nosa forte solidariedade coa vosa lealdade a Terra nai, co voso afervoado patriotismo galego; eiquí nos tendes, xuntíños a vos, en reza refirmazón de fe nos Destiños do noso povo d-espranza no porvir, de acendido amor á nosa inmorrente Galiza.

Hoxe istamos eiquí con vosco, e mañán istaremos na festa grande do Día de Galiza; mais sabemos que con nós istará o voso esprito e tamén o esprito de todol-os irmáns mortos pol-a Patria. E, a ringleira do noso povo que se desenrola no decorrer do tempo, sen fendeaduras, en forte xuntanza espritoal coas ataduras da lin-


gua e a tradición.

A posa morte, como a morte dos vosos antergos, e coma a morte nosa cando a hora sea chegada, non é un finar, non é un acabamento...; é un soldar argolas na cadea da familia galega, é un infindo delongar da galegitude. Vós e nós somos unha mesma substancia, somos unha solidariedade latexante, viva e permanente: somos povo galego. E por elo a morte, non-os ten de afundir en desespero. Temos de lembrar ao filósofo-poeta cando di: "soio onde hai tumbas hai resurrección". N-elo temos fe. D-istas tumbas e das tumbas de todol-os irmáns galegos do mundo, sairá a faiscente luzada da renovada renascenza da Patria.

No nome do Centro Galego —a patriótica entidade nosa que nos atende na vida e que nos recolle e nos garda na morte—, vos deixamos unha brazada de frores: é a simbólica expresión do noso recordo latexante e do noso amore sempre acendido.

Dormide en paz, que nós velamos; dormide en doce acougo que nós mantemos ergueita e lumiosa a vosa memoria; dormide en felicidade serca e confiada que nós hemos de percuar ser dínos de vós; de vós que xa sodes tradición galega, que xa sodes integrantes da Galiza eterna...

¡Qué Deus vos teña en santidade, e que a nós nos faga "bós e xenerosos" coma a vós, e nos faga dínos fillos da Patria!



Contraste Antre o Rexurdir Nacional Galego e o Macabro Afundimento da Hespaña Castelan

por
A. ALONSO RIOS

Don Alvaro está furioso. Ameaza nada menos que cunha revolución no caso que a O. N. U. non decrare o bloqueo económico á Hespaña franquista, cando a mencionada entidade se reúna en París dentro de pouco.

“Tras esta última coyuntura —dí o home— non hay máis camiño que el de la violencia”.

Asín nos gusta velo: valente e xacarandoso. A lástema é que se acordou algo tarde. Esta aitude houbera resultado mellor antes de contribuir a derrubar o Ministerio Xiral.

De calquera maneira, ¿quérenos dicir o veterano xacobino con qué forzas conta para a acción?

Porque con verbas non vai á asustar a ninguén. ¿Si saberán os delegados da O. N. U. qué puntos calza o presidente do goberno republicán hespañol?

Pero ¿aínda existe goberno republicán hespañol? Nós coidábamos que xa tiña a lápida co consabido R. I. P. Mais, pol-o que se ve, aínda ten folgos. Como diría o criollo, non está morto quen pelexa.

¡Bravo pol-o Robespierre... de cartón!

Pol-o demais, parece que non soio se atopa farruco, senón con humorismo diño de Voltaire. Pois segue concedendo títulos da Orden da Liberación, cos grados de Maestrante, Comendador, Cabaleiro...

¿Qué material se perde para un sainete! ¿E para esto morreron milleiros e milleiros de homes de corazón, que deron cantando a vida por un ideal!

¡E tales xentes pensan gobernar de novo en Hespaña!

A propósito de títulos. O caudillo tamén se sinte con ínfulas de rei, e fixo catro grandes de Hespaña, catro duques, tres mortos e un vivo: Calvo Sotelo, Mola, Primo de Rivera e Moscardó.

Esto parécese ao parto dos montes: tanto se cacarexou co nomeamento de nobres falanxistas, e do otorgamento de pomposos títulos, como os de “Príncipe cruzado”, “Príncipe do Ebro”, “Duque de Badaxoz”, etc., etc., que agora sufrimos unha desilusión ao ver esta primeira fornada de novos pergamiños.

¿Sairá unha segunda fornada? Escomenzamos a dudalo.

O que non admite duda é que non todo anda ben no falanxismo, o réxime que, según os da groriosa revolución nazonal, converteu a Hespaña nun paradiso.

Este non se ve por ningunha parte. En troques, o contrario pódese atopar en calquera momento.

O día menos pensado, o porco vai a estalar, como unha bomba atómica, deixando o cortello con radiacións mortíferas por cincuenta anos.

O alcalde dun pobo de Almería recibiu un telegrama do ministro da Gobernación, anunciándolle un movemento sísmico, co epicentro no susodito pobo, para que tomara as medidas oportunas do caso.

O ministro tardou uns días en recibir contestación, e cando xa se había esquentado do terremoto, o alcalde mandoulle o seguinte telegrama: “Movemento sísmico sofocado. Epicentro encadeado. Povo acrama caudillo”.

Non respondemos da veracidade do sucedido, pero contúnolo unha persona sería que acaba de chegar de alá.

Arredor dos aitos orgaizados pol-o Centro Galego de Bós Aires, con motivo da festa maor de Galiza, técese moitas faladuras.

Unha delas refírese a un feito acaecido o 25. Ese día, pol-a mañán cedo, galardeaba no fronte do Centro a bandeira “mataneros”; pero a eso das dez desapareceu como por arte de maxia, sen deixar rastro do seu paso.

¿Qué había ocurrido? Non-o sabemos. Os lectores, cicáis máis perspicaces, ou mellor enteirados que nós, estén xa ao cabo de todo.

O único que sabemos é que un señor, que dis que é republicán e por añadidura galeguista, na derradeira xuntanza da comisión directiva do Centro, enfrentouse co presidente e acusouno de estar entregado a certos roxos, que pol-o visto non son simpáticos ao noso dudoso correligionario.

Éiqui si que ven a pelo o de: “folgan os comentarios”.

Os chamados republicáns “de Lalín” están adoecidos contra nós porque colaboramos coa Comisión de Cultura do Centro Galego.

Si colaboramos con esta comisión é porque ela non está comprometida en feitos deshonorosos para Galiza nin para a República, e todo o que fai ten un selo de diñidade e patriotismo que enoutece o nome da nosa Terra. O noso deber é colaborar con todos aqueles que honradamente aítuen, sen misturar nobres ideas con intreres bastardos. Coidamos que esto é indiscutibel.

Agora ben; o feito da colaboración limpa non quere dicir que nos identifiquemos con ninguén.

Endexamáis pasaremos o Rubicón. Permaneceremos sempre do lado de acá, sen intervir nas loitas internas de Roma.

Levamos dous meses corridos, nos que a prensa de Bós Aires ven rexistrando e trasmitindo ao mundo o rexurdir patriótico da Nación Galega. Xunio e Xulio foron mesadas galegas nas orlas do Prata. O vidual latexar da Galiza emigrada destacou-se no ambiente social porteño con singulares acentos patrióticos e con vivos e convincentes cantileiros demostrativos do grande tesouro cultural que soubo alumear a Nación Galega.

E a voz galega a que fala. Son feitos galegos os que dan fe de que non todo é conformismo, claudicación e morte nos povos que soportan o imperio falanxista de Castela.

O representante do imperio quixotesco dos “palurdos sin danzas nin cancións”, tivo, de certo, que fiar abraído ao ver que, o día 18 de Xulio, Galiza, a Galiza liberal e democrática, a Galiza das groriosas xestas creadoras e dos grandes feitos hestóricos, atraía a ollada atenta e unánime, e recibía o culto da simpatía universal, namentras que o “Grande

Movemento Nacional” de Falanxe quedaba punto menos que inorado, reducido a meros formulismos oficiaes que non onsaban sair á rúa por medo á friaxe da indiferencia condenatoria, xa que outros castigos non lle era doado ao pobo botar man diles, aínda que ben-o tivera desexado.

A Galiza emigrada conquireu a plenitude representativa da Nación Galega, e puxo diante da ollada universal o contraste do seu humán frolecer fronte’ ao quixotesco afundimento do Imperio de Castela, que todos estamos a presenciando.

Imperio sin colonias. Claustro de fanáticos da forza, da opresión material. Relixiosos sin fe, sin principios, sin entranas. Ficción de vida espiroital, que pretende matar o pensamento e suprimir a liberdade. Co-fradía de orantes mecánicos, que rezan co euzazón xiado i-a lus da in-

telixencia apagada. Imperio da fame e da sombra. Imperio da morte e do crime. Imperio feixista, uniformador, do fanatismo da Estepa.

¡Falle vergoñenta compañía, e merecen parello repudio, total-as demais forzas uniformadoras que, sin fe en si mesmas, sin verdadeiro temple patriótico, sin sentido das realidadeas nacionaes, sin limpo e puro amor á vida do esprito de cada pobo, andan a procura de axudas alleas pra reemplazar unha imposición por outra imposición; unha ditadura por outra ditadura; aínda que pra elo háxa que ir do brazo con calquera, sexa o que sexa, e pense o que pense.

Todas isas forzas, chámense como se chamen, forman parte do imperio centrista que está nos seus derradeiros estertores, e con él deben afundirse.

Galiza rexurde a pesar de todas isas forzas; non coa súa axuda, que decote lle resultara negativa.

O imperialismo de Castela é unha creación artificiosa chamada a desaparecer. Galiza é unha realidade chamada a perdurar. Por iso aquí se esgota e renata en quixotada. E Galiza rexurde e frorece.

E o mundo saúda con alegría o rexurdir espontáneo e libre da cultura e do sentimento nacional galegos, e garda silencio diante do nacemento oficial do Imperio feixista. Débese ilo a que todol-os días de Xunio e Xulio dan fe de vida dun pobo con fe en si mesmo e leal á súa Patria. Este pobo é o galego, chamado a perdurar. En cambio, o 18 de Xulio soio da fe do nacemento oficial dun feto alumeadado pol-a traición e o crime, e sostido pol-a indinidade universal. Este feto é o Imperio Falanxista Castelan, fatalmente condenado a desaparecer.

Alocución Patriótica de Castelao

(Ven da pág. 1ª)

Sarmiento e o P. Feixóo, que remediaron o retraso cultural de España coa súa poderosa erudición e o seu xenio enciclopédico. Ven axiña Nicomedes Pastor Dias, coa súa lira de nacra, abrindo a renascencia literaria de Galiza e seguido pol-os poetas Añón, Rosalía, Curros, Pondal, Ferreiro, Lamas, Amado Carballo, Manoel Antonio e tantos outros, todos con estrelas sobor das súas frentes; os hestoriadores Vicetto, Murguía, López Ferreiro, os patriotas Fernando Brañas, a pensadora Concepción Arenal, a escritora Pardo Bazán, e por fin o gran Don Ramón, aínda non ben descarnado...

Acabo de citar uns cantos bultos da Santa Compañía de inmortaes galegos, uns cantos nada máis, porque nos dous mil anos da nosa hestoria, os bultos cóntanse por milleiros.

HESTORIA E TRADICION

Dí Oliveira Martins que na Hestoria non hai máis que mortos e que a crítica hestórica non é un debate, senón unha sentencia. Pero todos sabemos que os mortos da Hestoria reviven e mandan sobor dos vivos—moitas veces desgraciadamente—, como todos sabemos que a mellor sentencia é a que se da dipóis d-un debate. Por eso eu gosto de poñer a debate a nosa Hestoria, non a nosa Tradición, porque si ben é certo que se pode compor unha grande Hestoria de Galiza con soio recoller as crónicas dos seus grandes homes, tamén é certo que ningún d-eles, nin todos eles xuntos, foron capaces de erguer a intransferibel autonomía moral de Galiza á categoría de feito indiscutibel e garantizado. Afortunadamente, Galiza conta, para a súa eternidade, con algo máis que unha Hestoria fanada; conta c-unha Tradición de valor im-

ponderabel, que eso é o que importa para gañar o futuro.

Cando a Santa Compañía de inmortaes galegos, que acaba de pasar por diante da nosa imaxinación, se perde na espesura d-unha floresta lonxana, con esa mesma imaxinación veremos xurdir do humus da terra-nai, da terra da nosa terra, saturada de cinzas humáns, unha infinida moitedume de luciñas e vagalumes, que son os seres innominados que ninguén recorda xa, e que todos xuntos forman o substractum insobornabel da patria galega. Esas ánimas sen nome son as que crearon o idioma en que eu vos estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes, i, en fin, o feito diferencial de Galiza. Elas son as que, en longas centurias de traballo, humanizaron o noso territorio patrio, infundíndolle a total-as cousas que na paisaxen se amostran o seu propio esprito, co que pode dialogar o noso corazón antigo e panteista. Elas son as que gardan e custodian, no seo da terra-nai, os legados múltiples da nosa tradición, os xermes incorruptibéis da nosa futura hestoria, as fontes enxebres e purísimas do noso xenio racial. Esa moitedume de luciñas representa o pobo, que nunca nos traicionou, a enerxía colectiva, que nunca perece, i, en fin, a esperanza celta, que nunca se cansa. Esa infinida moitedume de luciñas e vagalumes representa o que non fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre.

Velahí o que eu quería dicir neste Día de Galiza, en loubor da nosa Tradición, por riba da nosa Hestoria, a todol-os galegos que residen n-esta terra, que para nós é a segunda patria. E nada máis, amigos e irmáns. Que a fogueira do esprito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares.

Para nós, todol-os homes que aspiran a administrar a nosa máisima institución merecen o noso respecto e a nosa modesta axuda, si proceden honestamente e colocan a Galiza por enriba de todo, sen complicar o Centro co réxime repudiado por casi toda a nosa colectividade e pol-a concencia universal.

Non temos intrés en defender a Xan nin a Pedro. Soio queremos decencia e galeguidade.

¿Está craro?

Distinción a Claudio López

A “Sociedad Científica Argentina” fixo ouxeto dunha sinificativa distinción ao noso conterráneo e irmán Claudio López Míguez

Con satisfacción rexistramos un feito que confirma, una ves máis, a capacidade, a vontade i-o tesón dos galegos a prol de outos cometidos e grandieiras empresas, tanto económicas como sociais ou culturais: Claudio López, de ben destacada aituación na nosa colectividá, acaba de ser premiado pol-a súa laboura longa, intelixente i-eficaz ao servicio da “Sociedad Científica Argentina”. Esta prestixiosa institución, que xa en repetidas ocasións agasalhou a Claudio López pol-os seus relevantes servicos, acaba de premialo con unha medalla de ouro, a que lle foi entregada en acto público pol-o presidente da devandita Institución, quen tivo verbas de outo encomio e gabanza pra quen “nado en Galiza ten isa alma galega que tan ben definiu o poeta Bóveda, e que sempre está listo no seu posto pra servir os intereses da Sociedade”. Ao responder agradecendo o irmán López, dixu entre outras cousas: “É posible que, coma tantas outros, que a forza de vontade e perseverancia chegaron a fromarse unha posición económica, tamén eu, coa miña tenacidade, poidera chegar a conquistar riquezas materiais; mais non foi así, e non me atopo triste por elo. Polo contrario, estimo que o chegar a recibir de personas ilustres, que representan unha entidade de tanto prestixio coma a “Sociedad Científica Argentina”, a demostración de que se me fai ouxeto neste intre, é, realmente, unha riqueza moral moito máis copiazíbel que os bens de fortuna”.

O Día de Galiza

Discurso de Avelino Díaz no Homaxe do Centro Galego a Rosalía co gallo do Día de Galiza

¿O corpo de Sant-Iago? ¿Os osos de Prisciliano? ¿Ou todo foi unha invención do espírito humano, anxeoso de infindo e de divindade?

Non importa o accesorio: verdade ou mentira, o feito básico é que naquel 25 de xullo a estrela alumbeu o berce da nosa nacionalidade.

Arredor do mito xacóbeo, Galiza creceu e modelou o seu carácter, creando a súa propia cultura cos aportes do eisterior. Foi así universal, e no seu idioma, xograres e trovadores, e o Rei Sabio de Castela, cantaron as súas belidas e inmortaes cancións.

Chegou ao seu máis outo eisprenor no século de Xelmírez e perdeu a súa liberdade cando os Reis Católicos domeñárona a sangue e fogo, sendo a cabeza de Pardo de Cela choutando do tallo ao chan, o símbolo da Galiza decapitada.

Dende entón xeme a nosa Patria sometida a un centralismo inconsciente, que non comprende, ou non quere comprender, os nosos intreses, importándolle pouco que seña sacrificada en beneficio doutros máis poderosos.

Por eso o Día de Galiza debe ser celebrado non somentes para relebrar as grorias pasadas, senon para reafirmar a nosa personalidade e facer —cada un na súa conciencia— o xuramento de seguir loitando para conquistar a liberdade do noso povo.

I-esta debe ser a sagra consiña que nos una a todol-os galegos, sen distinción de partidos. A Patria ten que estar por riba de todo.

Hora a hora, en todol-os intres da vida, os bós galegos —“os bós e xenerosos”— deben de traballar con afinco pol-a consecución dos nobres ideaes dos nosos pais, de nós mesmos e dos nosos fillos: que Galiza seña para os galegos, os únecos con dereito a gobernala. Soio así a nosa Terra alcanzará o progreso que meresce.

Pero para lograr o trunfo, é mester que lembremos tamén total-as desilusións sufridas por confiar en verbas de serpente. Non temos que deixarnos enganar pol-a vos de ningunha sirea; soio debemos contar coas nosas forzas para empregalas no momento decisivo, sen medo nin vacilación. Deste xeito podremos ter a seguridade de que o éisito non-os será esquivo.

Galiza, oxe agrilloada, despés de haber padecido a meirande door de todol-os tempos, non pode falar nin facer ren para liberarse do seu calvario. Sexamos nós, os emigrados, os que vamos pol-o mundo adiante coa nosa amargura a costas, os que ergamos a bandeira da liberación da nosa Patria. E así como os irlandeses de Norteamérica conquistaron a liberdade da súa Terra, sexamos os galegos da Arxentina, cos espallados pol-o mundo enteiro, os que conquiramos a liberdade da nosa.

(TRADUCCION)

¿El cuerpo de Santiago? ¿Los huesos de Prisciliano? ¿O todo fué una invención del espíritu humano, ansioso de infinito y divinidad?

No importa lo accesorio: verdad o mentira, el hecho básico es que en aquel 25 de julio la estrella alumbró la cuna de nuestra nacionalidad.

Alrededor del mito jacobeo, Galicia creció y modeló su carácter, creando su propia cultura con los aportes del exterior. Fué así universal, y en su idioma, juglares y trovadores, y el Rey Sabio de Castilla, cantaron sus hermosas e inmortales canciones.

Llegó a su más alto esplendor en el siglo de Gelmírez y perdió su libertad cuando los Reyes Católicos la dominaron a sangre y fuego, siendo la cabeza de Pardo de Cela saltando del tajo al suelo, el símbolo de Galicia decapitada.

Desde entonces nuestra Patria gime sometida a un centralismo inconsciente, que no comprende, o no quiere comprender, nuestros intereses, importándole poco que sea sacrificada en beneficio de otros más poderosos.

Por eso el Día de Galicia debe ser celebrado no solamente para recordar las glorias pasadas, sino para reafirmar nuestra personalidad y hacer —cada uno ante su conciencia— el juramento de seguir luchando para conquistar la libertad de nuestro pueblo.

Y ésta debe ser la consigna sagrada que nos una a todos los gallegos, sin distinción de partidos. La Patria tiene que estar por encima de todo.

Hora a hora, en todos los instantes de la vida, los buenos gallegos —“os bós e xenerosos”— deben de trabajar con ahinco por la consecución de los nobres ideaes de nuestros padres, de nosotros mismos y de nuestros hijos: que Galicia sea para los gallegos, los únicos con derecho a gobernala.

Pero para lograr el triunfo, es menester que recordemos también todas las desilusiones sufridas por confiar en palabras de serpente. No tenemos que dejarnos enganar por la voz de ninguna sirena; sólo debemos contar con nuestras fuerzas para emplearlas en el momento decisivo, sin miedo ni vacilación. De esta suerte podremos tener la seguridad de que el éxito no nos será esquivo.

Galicia, hoy aprisionada, después de haber padecido el mayor dolor de todos los tiempos, no puede hablar ni hacer nada para librarse de su calvario. Seamos nosotros, los emigrados, los que vamos por el mundo adelante con nuestra amargura a costas, los que alcemos la bandera de la liberación de nuestra Patria. Y así como los irlandeses de Norteamérica conquistaron la libertad de su Tierra, seamos los gallegos de la Argentina, con todos los esparcidos por el mundo enteiro, los que conquistemos la libertad de la nuestra.

Señor Presidente do “Centro Galego”.

Donas e Señores Irmáns na Galicia eterna.

Muito se ten falado, se fala e se falará, ó longo dos anos e dos séculos. en col de Rosalía Castro porque esta nosa santa, dendes que foi o seu paso pol-a vida, é, de por si sola, un tema costante, eterno, inmortante com-o seu nome i-a súa lembranza.

Hoxe, baixo o sino das Xornadas Galegas, que orgaizou este benemérito Centro, xunguimon-os eiqui pra renderlle un homaxe devoto, homaxe de lembranza afervoada a esta gran muller a cuio nome latexan todos os corazonos galegos co mesmo sentimento que ispiran as nais nobres e santas.

Galicia ten dado, nos milenios que rexistra a historia, muitas mulleres de eiscención, pro, quizabes ningunha d-elas perviviu, ou pervivirá, na lembranza do povo galego con tal intensidade, con tan amoroso respeito e con tan profunda devoción como a que se lle ten a Rosalía Castro, porque ela resumiu en si todas as inquedanzas, todos os nobres anxeios, todos os outos pensamentos, todas as fondas tristuras i-os longos desacougos que xermolaron na alma racial galega, porque ela foi como un símbolo, porque o seu espírito foi como unha labarada de luz i-o seu nome é unha bandeira de redención que todos os bós galegos estamos dispostos a venerar suerguendoa sobor dos nosos corazonos, como un labaro sagro.

Non é este o intre de xuzgar a súa obra, de facer unha eiséxesis da súa vida, ou un simple panexirico da súa personalidade. Eiqui chegamos hoxe como a un santuario, cheos de homildade, como chega o crente ó altar a poñerse de xionllos diante a maxestade da imaxen que venera no intimo do seu ser.

Eiqui, a este santuario, que é o Centro Galego, chegamos hoxe pra decir canción e pragalla, pra abrir as rosas sangrantes dos nosos corazonos galegos e desfollal-as diante a imaxen de Rosalía, diante a santa que tiña por corazon “unha rosa de cen follas i-en cada folla unha pena que vive apegada n-outra”.

Eiqui chegamos como peregrinos, como romeiros, a debruzarnos diante d-ela, a rendernos, a submeternos ó

infruxo do seu espírito, a decrararnos escravos d-ela e da súa lembranza, a prometerlle fidelidade, porque ela simboliza, de xeito craro e rexo, á nosa patria; porque ela fixo patria, porque ela sementou amor, porque ela exparexiu semente de rebeldías, porque ela tivo “iras santas” e soupo, ó mesmo tempo, do ensoñar, do sufrir, do amar e padecer até cuase morrer a sementanza de Xesús, pol-os pecados alleus e pol-a redención de seus irmáns.

Eiqui, a este recinto do Centro Galego, donde acouga a súa imaxen, deberiamos chegar sempre con fanática unción galega a pregarlle ó espírito da santa que nos alumee e nos sinala decote o camiño reuto a seguir pra ser dinos de chamarnos seus irmáns e sentirmos fanáticamente galegos, como ela se sinteu.

Ben haxan, (dito seia de paso) os que tiveron a idea e os que a materializaron, de poñer eiqui a súa imaxen pra que ela nos teña sempre en lembranza da patria lonxana, pra que nos faga lembrar sempre que somos galegos e saber que, n-esta casa, hai algo máis que doenzas e menciñas pra cural-as; que está tamén o espírito latexante da verdadeira galeguidade, do sentimento racial, do ergulo de ser nós, de ser galegos en carne i-espírito, en sentimento e pensamento. Ben haxan os que posibilitaron esto, médicos i-autoridades do Centro. En sintome ledo de poder facerles esta xusticia.

Queira a sorte que, n-un mañán próximo, se poidan ver n-este recinto as figuras d-outras grandes personalidades da nosa terra, facendo compañía a Rosalía. Pense, irmáns, o que sería que n-estes recantos semellantes estivesen as imaxes de Concepción Arenal, de Emilia Pardo Bazán, de Curros Enríquez, de Edeardo Pondal, de Lamas Carvajal i-outros máis que ben poderían estar. Entón esta casa sería máis santuario aínda. Ehi deixo a idea por si algún a recolle.

Nós somos emigrados e Rosalía tamén o foi, en certo modo, pol-o menos como tal se sinteu; e d-aquela quizabes xermolou no seu intimo ser o sentimento máis puro da galeguidade, a conciencia de patria e de Raza; ela adiantouse a nós no sufrimento e sufrindo cantou as súas desditas, que logo habían de ser as nosas, as desditas

de todos os que van a pelegriñar pol-os vieiros do mundo. A súa canción, orvallada e perolada de bágoas, foi canción de nai ó rente do bercio i-así foi ela unha estampa fidel das nais galegas, un coraón sangrante tevertendo amor maternal, o que non lle privou de ser un espírito varil e ceibar o anatemata contr-os verdugos da súa patria, contr-os que enloitaban as almas galegas e lles facían sentir amarguras. E con todo esto foi, como todos sabemos, un dos máis grandes líricos dos seus tempos, como se ten reconecido.

Se repasamos a historia de Galicia, a verdadeira historia do noso povo, non aquela que nos deron desfigurada os amos políticos da nosa terra, veremos que houbo infinidade de mulleres galegas que brillaron con intensidade nas difrentes épocas do noso vivir, d-entós máis antigos tempos a hoxe. Houbo santas que foron suerguidas ós altares, rañas que tiveron trono e solio, heroínas que guerrearon con tanto, ou máis valor que os homes, escritoras, literatas i-artistas que foron loubadas i-até tivemos mulleres almirantes que comandaron naos, en descuberta de terras e mares pra lle dar o mundo maior amplitude.

De todas elas hai lembranza, pro, na alma sinxela i-agarimosa do povo galego, na memoria das xentes, no sentimento popular, a que máis persente está é Rosalía, porque a súa vida foi un contino darse en alabanza da terra matría i-en fecundo traballo pra suerguer o bon nome da Galicia; porque ela sementou anacos da súa alma en cancións e poesías inmorrantes que están latexando decote nos beizos galegos como un homaxe perenne e como afirmación de lembranza que ten de trasmitirse de xeneración en xeneración pra que a groria de Rosalía seia compretada i-eterna, como ten de ser.

En Galicia, i-en calquera parte do mundo donde haxa galegos, nenos, mozos e vellos teñen, e terán sempre, a fror de beizos un cantar de Rosalía, un sorriso tremante, unha doce lembranza, un pensamento garimoso pra esta muller que soupo sementar amor, acariñar os eixos e deixar tras de si un ronsel, unha semente de tépeda dozura pra aledar a vida dos seus irmáns, ó longo do porvir. Un ser como este, que pervive así na memoria do seu povo, ten asegurada a groria eterna; algún dixo que Rosalía viviu pra sufrir e morreu pra traspoñer as portas da inmortalidade: i-é certo de toda certidume.

Lembrémonos que Rosalía Castro nos deixou un legado, un herdo do que todos os galegos dinos somos depositarios e do que temos que ser fideles gardadores, se non queremos caer na inominia. E se queremos honrar ben a súa memoria fagamos de xeito de sentirnos cad-hora máis galegos, tratemos de conocer a obra de Rosalía e topa n-ela ispiración pra ser como ela foi, pra ser como ela quería que seamos os galegos. Se así o facemos quizabes o seu amoroso espírito nos fará garda i-andará voandeiro sobor de nós, con tenro marmurio como cantiga de nai e benzón de santa. E d-aquela poderemnos estar seguros do noso porvir.

Na obra de Rosalía tamén houbo, en certo medo, unha faz oplitica, da que eu non quero agora máis que facer mención, porque estou falando no recinto do Centro Galego i-en penso, como seguramente pensan os que me fan o honor de me escoitar, que así como a ela lle abondonou ser amotosamente galega, a nós, eiqui no Centro, tamén nos abonda con ser amorosamente galegos, sin máis color que a galega, a do amor a Galicia, a color azul e branca da nosa bandeira que simboliza liberdade e dimidade. Sóio eso queremos os que máis pedimos.

¡Irmáns i-amigos! O nome sagro de Rosalía Castro, foi, é, e será sempre, pra os galegos, como un pan encarístico do que temos de fartarnos espiritualmente pra suerguer as nosas conciencia i-os nosos corazonos os espazos invisibels nos que voa o espírito rosaliano ispirándonos e dándonos conciencia do noso proipo ser e do noso propio valer. Así como houbo, fai séculos, un San Pero Mezonzo que fixo un hino á nai do divino Xesús, debía haber agora un galego que faga un hino a Rosalía con parecido amor e con igual devoción.

Se Galicia non houbeese dado máis que esta grandeira figura de muller, ela, Rosalía Castro, de por si sola abonaría pra lle dar a Galicia categoría, porque ela foi a máis galega i-a máis universal de todas as mulleres galegas. E, diante desta verdade indiscutibel habería que decir outras cousas pra alguños galegos (felizmente poucos) que, denantes que galegos, se sinten “internacionalistas” e negan o seu apoio cando se trata de suerguer o sentimento de galeguidade; de galeguidade que non é política, senón conciencia do propio ser, do propio valer

(Continúa na pág. 4)



Ao son da zanfona

SANT-IAGO REPUDIA AO PORCO

Total-as campanas nuncian o gran día: a festa meirande celebra Galiza. No ar os foguetes estoupan axiña: músicas e gaitas espallan ledicia.

Compostela ferve como rapariga que por ves primeira vai de romaría: a Sant-Iago apóstolo rinde pleitesía. De luces e d-ouro relumbra a Basílica; o Botafumeiro sen trégoa se axita; os cánticos soan con voces cansiñas, ao campás dos órgaos e das chirimías; rezan os romeiros e homildes se inclinan.

De súpeto ocorre cousa nunca vista. Por antre o ventío, que asombrado mira, un porco chuchado cara ó altar camiña. Catro rexos mouros fanlle compañía, empunhando os catro fiasas gumias. O estrano cortexo vai don ousadía, e diante do Santo

prantado se fica.

O Apóstolo estonces, estalando en ira, érguese ao momento e furioso grita: “¡Atrás, asesino, besta maldecida, verdugo da terra máis amada miña! ¿Qué ves a buscare á casa bendita onde se veneran as miñas reliquias? ¿Non sintes vergonza de vir de visita don esa insultante pra min comitiva? ¡A mín ofenderme co-esa xente indiana! ¡Eu, que en cen batallas á infel movería baixo o meu cabalo puxen de seguida! ¡Márchate, malvada besta apocalíptica, que a miña paciencia pronto se termina! ¡E si non te marchas, pero de estampía, con aquela espada en Clavico erguida neste istante mesmo fúroche a barriga!”

Co rabo antre as pernas o porco fuxía; despertei do sono... ¡Todo era mentira!

por VERDUGUILLO

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
2 - Galiza, povo autónomo.
3 - Galiza, comunidade cooperativa.
4 - Galiza, célula de universalidades.

A NOSA TERRA (NUESTRA PATRIA)

FRANQUEO PAGADO Concesión N.º 2032
TARIFA REDUCIDA Concesión N.º 2727
Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Ano XXX - Núm. 463

BOS AIRES, XULLO DE 1948

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

O Celebramento do Día de Galiza Tivo Iste Ano Estraordinario Lucimento En Bós Aires os Máis Importantes Aitos Fixéronse Baixo o Sino Galeguista

A nosa data patria, o DIA DE GALIZA, tivo iste ano en Bos Aires un celebramento estraordinario. Endexamáis o nome sagro de Galiza acadou tanta e tan prestixiosa resoanza n-iste país; endexamáis a prensa arxentina, de tudalas tendencias, eas radios, adicaron as cousas galegas tan longos espazos e tan outas loubanzas. Por primeira vegada na hestoria da nosa coleditividadade, — e pódese dicir que na de tudalas coleditividadades eistranxeiras n-ista nazón —, se deu o caso de que, os seus aitos, merecesen o insiñe honor de ser comentados en termos de afervoadada eisaltazón en artigos editoriales dos máis importantes diarios de Bos Aires, ante eles o grandeiro diario "La Prensa", qu-é o máis importante no idioma castelán e qu-é un dos máis importantes do mundo. Elo enchéunos de nobre orgulo a tudolos galegos do Plata e constituiu brillante nota de prestixio pra nosa coleditividadade.

Tan satisfactorio acontecemento, débese esencialmente, —xusto é recoñecelo—, aos aitos orgaizados polo Centro Galego de Bos Aires, polo Centro Orensano e pol-a Audición Radial "Recordando a Galicia", aitos nos cales primou un outo senso de patriotismo galego. Pra honra do galeguismo, e tamén xusto dicir que, nos aitos orgaizados pol-as tres devanditas entidades, tiveron destacada aituazón, coma orgaizadores e coma aituantes, irmáns nosos, membros da Irmandade Galega.

O libro galego, o idioma galego, o himno galego, a música eo canto galegos, ea pintura galega, foron os elementos que deron a tónica eo brillo estraordinario aos aitos celebratorios do Día de Galiza, aitos que se desenrolaron ao longo de tudo o mes de Xullo e que deron brillo e resoanza ao nome sagro da nosa patria Galiza no ambiente d-ista grandeira urbe de Bos Aires. E tudo elo baixo o soio grorioso nome de Galiza, con sentimento nidiamente galego, con craro e varil acento galego, sen mesturas nin interferenzas alleas a Galiza, e ausolutamente ao marxe de tudo canto representa a negazón do espritu e da liberdade da nosa Terra, de tudo canto representa a bárbara e sanguinienta persecución que sofriron os patriotas galegos: —jo noso inmorrente Alexandre Bóveda eos miles e miles de mártires que, coma il, foron fusilados ou asesinaados polo totalitarismo que ten soxuzga-

O Centro Galego, o Centro Orensano ea Audición Radial "Recordando a Galicia" enalteceron cos seus aitos o nome sagro de Galiza

da e aferrollada a nosa patria! Iste milagre de rexurdimento da galeguidade, de grorificazón de Galiza, de nobre eisaltazón dos valores e das virtudes do povo galego, soio foi posible gracias a ista benquerida, fermosa e grandeira República Arxentina, patria dos nosos fillos e dos nosos netos, gracias ao seu mañifecho povo que nos comprende e que nos quere. Coma eispresión de agradecemento, xurde do noso corazón galego, — corazón limpo i emotivo! — un forte e quente ¡VIVA A REPUBLICA ARXENTINA!

OS AITOS DO CENTRO GALEGO

Homaxe a Galiza.

O primeiro dos aitos orgaizados polo Centro de Bos Aires pra festejar o Día de Galiza, foi un homaxe a Galiza na rúa que leva o seu grorioso nome n-ista grandeira eibda de Bos Aires. Certo xeito de dar comenzo: homaxe a nosa nai Galiza, a nai común de tudolos galegos.

As autoridades do Centro Galego colocaron o sábado 3 de Xullo unha ofrenda froral na praza que ten o nome de "GALICIA" na conxunción das rúas Galicia e Nazca. Dixo axeitadas verbas patrióticas o presidente da entidade, señor Xosé Villamarín. A Coral Polifónica da Casa de Galicia, baixo a dirección do mestre Vilatobá, cantou o Himno Galego e logo interpretou belidas cancións galegas.

Eisposición de pintura de Colmeiro.

O lús 5 de Xullo inaugurouse, na Galería Müller da rúa Florida 946, a eisposición de obras do gran pintor galego D. Manuel Colmeiro que patrocinou o Centro Galego coma un dos aitos celebratorios do Día de Galiza.

A sala viuse acugulada de xente. Dixo as verbas alusivas o presidente do Centro Galego, señor Xosé Villamarín. O lús 12 de Xullo, o escritor galego señor Lorenzo Varela ditou unha substanzosa conferencia na mesma sala, estudando a pintura galeguísima de Colmeiro. E o sábado 17 de Xullo o noso irmán Xosé Nuñez Búa tivo ao seu cárgo o discurso de cransura da eisposición, facendo unha brillante eisaltazón da galeguidade que rezuma a pintura de Colmeiro.

A isposición de Colmeiro acadou moito eisito de crítica, de concurrenzade vendas. Antre os que adequiriron obras de Colmeiro temos de sinalar aos irmáns D. Claudio Fernandez e D. Horacio Bermúdez Abente. Tamén os Centros Galego e Orensano resolveron merear sendos cadros. As nosas felicitacións ao artista e aos adquirentes.

Homaxe a Rosalía.

Non podía fallar unha afervoadada recordazón a nosa insiñe cantora nos festexos do Día de Galiza. Así o entendeu con prausibre senso o Centro Galego.

O domingo 18 de Xullo, fixéronlle as autoridades do Centro Galego unha ofrenda froral a Rosalía no busto que a nosa poetisa ten no vestibulo do edificio do dito Centro. Dixo unhas verbas iniciais o presidente D. Xosé Villamarín e logo o noso irmán Avelino Díaz pronunciou eloceente discurso en galego. O coro do Centro, Betanzos "Os Rumorosos", baixo a dirección do mestre D. Xosé Corallini, entonou o Himno Galego e interpretou brillantemente varias cancións galegas que foron moi apraudidas pol-a numerosa concurrenzade. A señorita Suarez recitou un poema de Rosalía de xeito maixtral.

Homaxe ao Xeral San Martín.

O sábado 24 de Xullo, as 11 horas, fixose unha ofrenda froral ao grandeiro prócer da independencia arxentina no seu moimento da praza que leva o seu nome, aito que tivo en si un outo significado de homaxe a ista República Arxentina que tanto queremos os galegos. Interpretou os nosos sentimentos, moi axeitadamente, o Dr. Pedro F. Prado, membro da Comisión de Cultura do Centro Galego.

Homaxe aos nosos mortos.

Na recordazón da gran data da patria galega, é unha ebriga lembrar aos nosos mortos, aos irmáns mortos na emigrazón. O emotivo aito, tivo lugar no Panteón do Centro Galego. Unha ofrenda froral e un discurso alusivo que istivo a cárgo do noso irmán e membro da Comisión de Cultura do Centro Galego D. Rodolfo Prado. A súa oración dita en galego oferecémola nestas páxinas.

Eisposición do Libro Galego.

Foi ista un dos números do programa que acadaron máis brillo e resoanza no seo da nosa coleditividadade e no ambiente arxentino. A prensa en xeral adicoulle artigos e notas informativas moi amplias e de afervoadadas loubanzas.

Inaugurouse o sábado 24 de Xullo as 18 horas na Sala Kraft, da rúa Florida 681, baixo os auspicios da entidade cultural arxentina "Amigos del Libro" que preside o eminente escri-

tor D. Enrique Larreta, ilustre autor da "Gloria de Don Ramiro". Acodiou estraordinario xentío que acugulou a sala. Pronunciou as verbas de apertura o presidente do Centro Galego D. Xosé Villamarín e seguidamente pronunciou unha medulosa conferencia sobor da cultura e personalidade de Galiza, o escritor e poeta galego D. Xavier Bóveda.

Na mesma eisposición ditáronse outras tres brillantes conferencias: o lús 26 de Xullo, o escritor galego D. Edoardo Blanco Amor falou sobor "Os valores literarios de Galiza"; o miqreoles 28 o escritor arxentino D. Manuel Agromayor falou sobor "A biblioteca de Rivadavia" eo sábado 31, o noso irmán o esgrevio escritor galego D. Lois Tobío Fernandez falou sobor de "Catro libros galegos", valioso traballo que mereceu outas loubanzas.

A cransura ista programada pra o día 3 d-Agosto vindeiro, sendo o Bibliotecario do Centro Galego, D. Constantino Francisco, quem fará o discurso de circunstancias.

A Eisposición do Libro Galego foi un verdadeiro acontecemento no ambiente cultural bonaerense. Craro índice d-elo é o reflexo que tivo na prensa arxentina. Adicáronlle notas editoriales os diarios "La Prensa" i "El Mundo"; i estudos e comentarios amplos e substanciosos "La Nación", "La Razon", "Crítica", "Noticias Gráficas", "La Epoca", "Clarín", etc.

Aito no Teatro Argentino.

Tivo lugar o domingo 25 de Xullo, pol-a mañán. O amplo teatro viuse pramente cheo de xente.

O aito comenzo co Himno Galego interpretado polo Coro "Terra Nosa" do Centro Orensano, baixo a intelixente dirección do mestre D. Isidro B. Maiztegui. A canción patria foi escoitada pol-a concurrenzade posta en pé. Seguidamente o presidente D. Xosé Villamarín dixo atinadas verbas de apertura e fíxo entrega dos premios correspondentes aos Concursos Literarios dos anos 1946 e 1947. Dispois, o poeta galego D. Xavier Bóveda recitou brillantemente o seu formidable poema "Canto a Galicia" que foi moi apraudido.

De seguida, o presidente do Consello de Galiza, D. Alfonso R. Castelao, pronunciou en galego a maixtral abeugación patriótica que publicamos n-iste número. A verba mañifecha de Castelao, o seu voo lírico, a beleza da forma ea fondura dos conceptos, esi come a nobreza da súa prócer figura, cautivaron aos ouvintes que o seguiron con emoción incoñtada, rompendo en cramarosos aprausos a cada intre. Ao final o púerico tributou unha estraordinaria ovación ao esgrevio guieiro máisimo da galeguidade. O seu discurso ficará na hestoria das letras galegas coma unha das pezas oratorias de máis outa categoría.

O coro "Terra Nosa", sempre baixo a dirección do ilustre mestre Maiztegui, pechou o aito con un brillante concerto de cancións galegas que foron afervoadamente apraudidas.

Banquete de confraternidade.

O mesmo Día de Galiza, servíuse no salón "Les Ambassadeurs", o gran banquete de Confraternidade Galega, orgaizado polo Centro Galego coma romate das "Xornadas Galegas" orgaizadas pra celebrar a nosa data patria.

Ao redor de mil comensaes encheron o amplísimo salón. A cabeceira istivo ocupada pol-as autoridades do Centro Galego, istando a veira do presidente, coma principal invitado de honor, o señor Presidente do Consello de Galiza deputado D. Alfonso R. Castelao. Déronlle coorido e alegría o aito, o conxunto de gaitas do

mestre Do Pazo e unhas parellas de bailes.

Aos postres pronunciou un patriótico discurso o presidente do Centro Galego D. Xosé Villamarín que foi moi apraudido. Non embargantes seiuse o único discurso programado, a concurrenzade recramou afervoadamente a verba de Castelao, qu-é, acedendo ao insistente pedido que foi rubricado pol-a presidencia do banquete, fixo unha eloceente improvisación na que fixou o verdadeiro senso do Día de Galiza nos seus dous aspectos: o relixioso eo civil. O discurso do señor Castelao foi rubricado con fortes aprausos e ¡Vivas a Galiza!

OS AITOS DO CENTRO ORENSANO

Consistiron en tres concertos de cancións galegas ofercidos polo seu Coro "Terra Nosa", baixo a dirección competentísima e brillante do seu mestre D. Isidro B. Maiztegui. O primeiro concerto dífese nos salóns do Centro Orensano na tarde do domingo 18 de Xullo; o segundo no Teatro del Pueblo o martes 20 de Xullo pol-a noite eo terceiro no salón de aitos da prestixiosa Asociación Cristiana de Jóvenes, na noite do 22 de Xullo. N-iste derradeiro concerto pronunciou mañifica conferencia sobor do "folk-lore" galego o señor Alfonso R. Castelao.

Os tres concertos constituiron outros tantos triunfos pra o Coro "Terra Nosa".

AUDICION "RECORDANDO A GALICIA"

O Día de Galiza, as 21 horas, a prestixiosa Audición Radial "Recordando a Galicia" que dirixe con tanto acerto a distinta artista señorita Maruxa Boga reizou unha transmisión estraordinaria a Radio Rivadavia en homaxe a nosa data patria.

A sala de transmisión viuse acugulada de conoídas familias da nosa coleditividadade. Foi unha audición de outa xerarquía. Tomaron parte n-ela destacados homes de letras e artistas galegos e arxentinos. Invitados especialmente, dixeron mensaxes patrióticos galegos o presidente do Consello de Galiza D. Alfonso R. Castelao, prof. Dr. G. Sánchez Guisande, o Dr. A. Díaz Trigo polo periódico "Luz", o señor C. González polo periódico "Galicia", o señor Rodolfo Prado pol-a "Opinión Galega", o Dr. Ramón Rey Baltar pola NCSA TERRA e o poeta galego D. Avelino Díaz. O conxunto: Maruxa Boga, Antón Iglesias ("Tacholas") i Enrique A. González interpretaron maixtralmente unha escea da mañifecha obra teatral de Castelao, "Os vellos non deben de namorarse". O mestre Do Pazo interpretou música galega na súa gaita máxica. A transmisión foi aberta co Himno Galego. Déronlle brillo e animazón os seus direitores Maruxa Boga e Aróstegui.

Discurso de Avelino Díaz

(Ven da páx. 3)

e do fecundo existir como elemento de povo e Raza difrentes e, quizabes por elo, máis porveitoso pra un verdadeiro internacionalismo. Si, habería que apostrofar os desleigados, ós infelucidos, ós esmorecidos que non saben da gracia de ser o que deben ser.

Pra findar estas miñas probes verbas, en loubanza de Rosalía, n-este aito das Xornadas Galegas, sólo me falla pregar, en nome de todos nós, con infinda devoción que, agora e no adiante, nos séculos e milenios vindeiros, alume sempre sobor das xeneracións galegas o esprito de Rosalía, da santa que vive decote nos nosos pensamentos, que se foi de nós pra adormecerse na gracia do bon Deus. Que ela reine sempre n-esta casa galega e se tope con nós pra nos sinalar o vieiro do noso deber de galegos conscentes.

¡Ave Rosalía! ¡Gracia plena!

CANTARES

O petillo que se apaga non-o volvas a encender; os amores que deixache non-os volvas a coller.

Sei cantar e sei beilar, sei tocá-la pandeireta...; o que se case conmigo leva música completa.

Eu caseime no Arañe ca filla do Arañón; ela bonita non era, probe si, honrada non.

As sete-estrelas van altas, a lúa metida vai. Vaite deitor, rapariga, na cama con túa nai.

Chamácheme trovisquiña, herba que o gando non come; vale máis ser trovisquiña que muller de ruín home.

¡Canta laranxa madura! ¡Canto limón pol-o chan! ¡Canta rapaza bonita, ningunha na miña man!

Miña nai, miña naiçña, que boa nai teño eu: vendeu o seu coletino pará-me mercar o meu.

Moza do corazón santo acudirlle ao voso cura, que caíu do campanario antre as follas da verdura.

Si foras a Portugal non fales con portugueses, que eles prometen e dan semente de nove meses.